D E C R E T O

Tras ver a proposta que textualmente di o seguinte:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

"Vista a documentación remitida por dona Laura Castro Cora, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO, con NIF G27501444, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro", polo importe de 5.000,00€, na anualidade 2026 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000066), procede emitir o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO: O Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2026 foi definitivamente aprobado por acordo plenario de data 30 de decembro de 2025, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2026.
SEGUNDO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2026-2028), así como o Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, e que foron publicados no BOP de Lugo núm. 035 do 31 de xaneiro de 2026.
TERCEIRO: Por resolución presidencial, de data 25 de febreiro de 2026, aprobouse a seguinte proposta:
"(...)
SEGUNDO: Aprobar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 € que se relacionan a continuación e que se incorporan ao expediente:

- *Anexo I. Solicitude*
- *Anexo II. Certificado do secretario/a da entidade solicitante.*
- *Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.*
- *Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.*

TERCEIRO: Aprobar as instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos) e que se incorporan ao expediente.
CUARTO. Aprobar os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas nominativas e das subvencións de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

- *Convenios tipo canalizadores de subvencións a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades:*
  - *a) convenio tipo para subvencións directas nominativas e para subvencións de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS).*
  - *b) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00 € (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS).*
- *Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas (con independencia do importe) e das subvencións de carácter excepcional por inferior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.*

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	1/10

(...)

SEXTO: Determinar que:
1º. soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía,
- *cando se trate de subvencións directas nominativas, ata un máximo do 80% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.*
- *cando se trate de subvencións de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.*

2º. Se publicará na páxina web do ente provincial:
a) *os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.*
b) *As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).*

(...)
4º. Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio."
CUARTO: Por resolución presidencial, de data 5 de marzo de 2026, se aprobouse a modificación dos anexos de solicitude e de xustificación aprobados por resolución presidencial de data 25 de febreiro de 2026 para adaptalos á normativa de protección de datos.
QUINTO: Por resolución presidencial, de data 31 de marzo de 2026, aprobouse a corrección do erro material detectado no clausulado dos convenios tipo aprobados por resolución presidencial de data 25 de febreiro de 2026".
SEXTO: Consta providencia, de Presidencia, de impulso de expediente onde se establece o seguinte:
"Vista a solicitude realizada por dona Laura Castro Cora, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro", polo importe de 5.000,00€, na anualidade 2026 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000066), esta Presidencia impulsa a súa tramitación a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, en base ás seguintes consideracións:
Primeiro.- O obxecto da amentada subvención ten encaixe dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, contribuíndo a conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)".
Dentro desta mesma liña prevense, entre outros, os obxectivos específicos de fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; favorecer aquelas actividades que inflúan de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural; potenciar a promoción da nosa terra e dos nosos exemplares autóctonos, e prestar apoio na celebración de acontecementos feirais de carácter sectorial; fomentar o desenvolvemento sostible, procurando unha educación centrada na protección do medio ambiente e o aproveitamento sostible dos recursos naturais, facendo unha labor en conxunto cos cidadáns de respecto á natureza, tratando de difundir e xestionar actividades culturais mediante a organización de concursos e exposicións e calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura e o crecemento económico da provincia;

fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; así como a potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial. Neste sentido, a actuación, considerada de interese xeral, público, social, económico e cultural, entre outros moitos, contribúe ao desenvolvemento da provincia de Lugo, nos seus diferentes aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, etc), e por ende, xera riqueza territorial e social na mesma. Así, contribúe a acadar un amplo e variado conxunto de obxectivos, considerados estratéxicos, para o conxunto do territorio e da veciñanza provincial, especialmente nas zonas rurais, nas que o cabalo forma parte da sociedade , da historia, da cultura, e da economía, e por ende, do seu desenvolvemento (pasado e futuro).

Segundo.- O outorgamento desta subvención realízase ao amparo do previsto no artigo 22.2 apartado c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), xa que:

- *<u>Concorren razóns de interese público, social e económico:</u>*
  Estamos ante unha actuación de fomento na que concorren sobradas razóns que xustifican o seu grao de interese público, xeral, social, económico, cultural, histórico, etc. por excelencia; e que á súa vez xustifican o seu outorgamento mediante o procedemento de concesión directa (previsto para casos e situacións extraordinarios e excepcionais), separándose do procedemento ordinario de concorrencia competitiva. Neste sentido, o obxecto da actuación posúe un interese público e xeral incuestionable, conlevando tamén intereses económicos, sociais, culturais, históricos, deportivos, de lecer, etc. para o conxunto da provincia.
  Así, o obxecto da subvención ten como nexo o cabalo e o mundo ecuestre, en torno ao cal se reúne, colabora e participa a veciñanza, e a sociedade en xeral, que comparte intereses comúns. O mundo do cabalo e da cultura ecuestre constitúe un fenómeno ou actividade que, dende tempos pasados, representa un elemento esencial na vida e na sociedade galega. Así, o cabalo desempeñou un papel transcendental do día a día da veciñanza galega, especialmente na zona rural, sendo utilizado con fins produtivos (labranza, transporte), lúdicos, deportivos, ambientais, así como culturais. En definitiva, enténdese que foi un animal e un sector xerador de riqueza no territorio e para a veciñanza, nos seus diferentes aspectos.
  Polo tanto, o interese público, xeral, social, e económico, entre outros, da actuación deriva, por un lado, do reconñecemento e posta en valor do cabalo como animal fundamental na vida e sociedade galego; e por outro, da repercusión no desenvolvemento económico e social que conleva o evento, tanto a nivel local, na comarca da mariña lucense, e mesmo a nivel provincial.
  En conclusión, enténdese que quedan sobradamente definidas e xustificadas as razóns de interese público e xeral, entre outros, da actuación.
- *<u>Dificultade para levar a cabo unha convocatoria pública:</u>*
  Estamos ante unha actividade de fomento que, por motivos moi diversos, vese dificultado o seu desenvolvemento a través do procedemento ordinario (concorrencia competitiva); motivos estes que determinas e xustifican que se siga o procedemento de outorgamento directo da subvención. Así, os motivos que dificultan en gran medida, por non dicir que impiden, desenvolver unha convocatoria pública, na que poidan ter encaixe outras actuacións semellantes, por parte doutros posibles beneficiarios son os seguintes:
  - *En primeiro lugar, as propias características específicas e determinadas da actuación en sí, que a converten en tremendamente singular, por non dicir, en practicamente única. O desenvolvemento da mesma contribúe especificamente e en gran medida, a acadar os estratéxicos obxectivos previstos na liña xeradora de riqueza desta Deputación Provincial para o conxunto da provincia. Incardínase nas liñas prioritarias de actuación para a provincia, previstos no vixente plan estratéxico.*
    A natureza concreta e localizada da actuación, fai que non sexa susceptible de comparación obxectiva con outras posibles iniciativas a nivel provincial que se poidan dar.
  - *Desta forma, as súas características e elementos determinantes convértena en elemento*

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	3/10

fundamental e instrumento estrátexico para acadar os obxectivos xeradores de riqueza para o conxunto da provincia. Neste sentido, non se ten coñecemento da existencia doutras iniciativas (iguales ou semellantes) que, en igualdade de condicións, contribúan a acadar obxectivos tan definidos e estratéxicos para o conxunto do territorio provincial, como ocorre con esta actuación.

- *En segundo término, a condición da propia entidade promotora e beneficiaria da subvención. Trátase dunha entidade que, carecendo de fins lucrativos, basea as súas actuacións fundamentalmente no traballo voluntario e desinteresado dos seus membros, así como na implicación nas mesmas da veciñanza, caracterizándose por organizar sempre eventos que xeren espazos de encontro, convivencia e participación social. Ao longo dos anos, a entidade consolidou unha liña de traballo estable centrada na organización de iniciativas de interese público, que contribuíron e contribúen á dinamización do municipio e ao fortalecemento do tecido asociativo e veciñal, así como ao seu desenvolvemento económico e social, e por ende, tamén ao provincial.*

  Neste sentido, podemos dicir que a entidade promotora e beneficiaria representa o leito específico de participación cidadá no ámbito territorial do concello de Viveiro e da mariña lucense, non existindo en dito ámbito outra cun nivel de implantación, representatividade e capacidade equivalente. Esta circunstancia infúndelle o carácter de, practicamente única, con capacidade para desenvolver e executar a actuación con garantías de eficiencia e eficacia; e asegurando así transparencia, obxectividade e unha correcta aplicación dos fondos públicos, acorde e adecuada coa consecución dos obxectivos xerais pretendidos. Desta forma, é moi difícil, ou imposible, establecer criterios comparativos homoxéneos entre distintas entidades ou colectivos con implantación territorial diversa.
- *Doutra banda, non apoiar a actuación, mediante o seu financiamento, podería provocar o debilitamento, ou incluso a desaparición, de estruturas veciñais básicas para a participación social.*

Polo tanto, tendo en conta a entidade promotora, así como as características da actuación promovida, a concesión directa da subvención amósase como o procedemento máis áxil, adecuado e sinxelo para garantír a consecución dos obxectivos estratéxicos pretendidos. Neste esceario, co desenvolvemento dunha convocatoria pública en concorrencia competitiva, o único que se conseguiría sería, por un lado, alongar os prazos de tramitación do procedemento, e por outro, incrementar os custos procedimentais que leva aparellado, para chegar ao mesmo resultado, pero dunha forma menos eficiente, e sen garantías de ser eficaces na consecución dos obxectivos pretendidos.

En resumo, as tremendas circunstancias excepcionais e extraordinarias indicadas, dificultan enormemente, por non dicir que impiden, o desenvolvemento dunha convocatoria pública en concorrencia competitiva.

- *<u>Carácter singular do obxecto da subvención</u>.*

  Estamos ante una actuación, cuxo obxecto é tremendamente singular, específico, e tamén extraordinario. Posúe unhas características e elementos definidores que o singularizan e individualizan por excelencia. Combina un amplo e variado conxunto de obxectivos e intereses difícilmente comparables e igualables. Así, partindo da figura do cabalo como elemento de nexo común, a actuación desenvolta (por e para a veciñanza), pon en valor a figura do cabalo e da cultura ecuestre no conxunto do territorio provincial, galego, e mesmo da zona norte do país. Aínda que se tata dun encontro a nivel provincial, o seu nivel de alcance e impacto supera o ámbito da provincia, e mesmo o da comunidade autónoma, constituíndo unha importante ferramenta de desenvolvemento económico e social para o concello de Viveiro, e por ende, para o conxunto da provincia e da comunidade galega. O feito de que se combine nun mesmo evento intereses de tipo social, económico, histórico, cultural, antropolóxico, turístico, deportivo, de

lecer, etc, infúndenlle un carácter de inigualable e difícilmente comparable.
Polo tanto, podemos dicir que estamos ante unha actuación singularísima, cun carácter diferencial incuestionable, por non dicir prácticamente única a nivel provincial.

Polo tanto, tendo en conta o antedito, e considerando que se dan as circunstancias e os requisitos esixidos, esta Presidencia impulsa a tramitación e concesión da subvención directa de carácter excepcional, polo importe de 5.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO para sufragar os gastos derivados da actuación "Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro", na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026."

SÉTIMO: A representante da entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 50 % sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 2.500,00€, con dispensa de garantía, declarando que presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece no seu artigo 22.2 c) que, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), determina no artigo 67 que, "Poderán concederse directamente, con carácter excepcional, as subvencións a que se refire a letra c) do apartado 2 do artigo 22 da LXS." No mesmo senso se expresa o artigo 19.4 apartado c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na base 24 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 establécese o seguinte:

"(...)
3. Principios Xerais
(...)
Concesión directa: As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:
(...)
- Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
(...)".

E no mesmo senso, se pronuncia o artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP de Lugo núm. 009, do 11 de xaneiro de 2024 e a corrección de erros no BOP de Lugo núm. 038 do 15 de febreiro de 2025).

SEGUNDA: Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación disponse o seguinte:

- Artigo 1. obxecto
"(...)
A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral de Subvencións deberá estar vinculada a algún do obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente".

- Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico,

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	5/10

humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
"1. Con carácter excepcional, poderán concederse directamente subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
2. Estas subvencións non poderán superar o limite establecido nas bases de execución do orzamento e/ou no Plan estratéxico de Subvencións vixentes.
3. O procedemento de concesión iniciarase a instancia de suxeito interesado.
4. Iniciado o procedemento, deberá emitirse:

- *informe subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.*
- *borrador de convenio canalizador da subvención, subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:*
  a) *O obxecto da subvención e os seus beneficiarios.*
  b) *O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.*
  c) *Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.*
  d) *Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.*
  e) *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.*

5. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.
A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación."
TERCEIRA: Órgano competente para a concesión da subvención.
- O artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece que os órganos competentes para a concesión de subvencións serán son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento xeral.
-Na base 24.4 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 disponse o seguinte:
"(...)
Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. (...)"
CUARTA: Trámites procedimentais.
No que se refire aos trámites procedimentais, relativos á aprobación do convenio que instrumenta a axuda, á concesión da subvención e á aprobación do gasto, e tendo en conta o disposto na Base 36 de execución do orzamento provincial para o ano 2026, que regula o alcance da fiscalización de gastos e ingresos, deben constar no expediente administrativo os seguintes documentos:

Que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

- *Se é o caso, existencia de Convenio regulador da subvención.*
- *Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.*

Así mesmo, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, o requisito de existencia de crédito adecuado e suficiente para a tender ás obrigas de contido económico que se deriven da concesión da subvención (art. 9.4.b) LXS e 6.4b) LSG).
QUINTA: A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 34.4 establece que, "(...) poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.
En ningún caso se poderán realizar pagos anticipados a beneficiarios cando solicitara a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso."
Prevé tamén que, a realización dos pagamentos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

En sentido semellante se expresa o artigo 35.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, que determina que, "(...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio", (neste caso, no convenio canalizador da subvención).
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal, (Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio) sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
(...) a realización de pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio."
Neste sentido, a base 24ª.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2026 dispón que, "poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. (...)".

CONCLUSIÓNS:
PRIMEIRA. A finalidade da actuación da devandita subvención directa de carácter excepcional encaixa na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo.
Na mesma, establécese como obxectivo estratéxico o de "conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	7/10

territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)"
Os obxectivos específicos da mesma son, entre outros, os de fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; favorecer aquelas actividades que inflúan de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural; potenciar a promoción da nosa terra e dos nosos exemplares autóctonos, e prestar apoio na celebración de acontecementos feirais de carácter sectorial; fomentar o desenvolvemento sostible, procurando unha educación centrada na protección do medio ambiente e o aproveitamento sostible dos recursos naturais, facendo unha labor en conxunto cos cidadáns de respecto á natureza, tratando de difundir e xestionar actividades culturais mediante a organización de concursos e exposicións e calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura e o crecemento económico da provincia; fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; así como a potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial.
SEGUNDA: Queda acreditada, na providencia de impulso de expediente, a excepcionalidade da actuación a subvencionar e a dificultade de acudir a unha convocatoria pública.
TERCEIRA: A documentación aportada polo representante da entidade correspóndese coa aprobada por resolución presidencial de data 5 de marzo de 2026 (modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais por importe inferior de xeito individual a 15.000,00 €).
Polo que á vista da documentación e os datos que obran neste expediente, considérase que o obxecto desta subvención atópase comprendido dentro das motivacións definidas anteriormente, e que o beneficiario reúne os requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración responsable do representante da entidade, de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

CUARTA: Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións (BDNS) coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	*CÓDIGO*	*DESCRICIÓN*
SECTOR ECONÓMICO	*94*	*Actividades asociativas*
FINALIDADE	*18*	*Outras actuacións de carácter económico*
IMPACTO DE XÉNERO	*2*	*Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación.*
INSTRUMENTO DE AXUDA	*SUBV*	*Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación*

QUINTA: Consta informe favorable de intervención sobre la existencia de crédito, por importe de 5.000,00€, na aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente orzamento xeral.
SEXTA: Tendo en conta que non se aprecia risco de incumprir as obrigas que se deriven do convenio canalizador da subvención, procede, ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (relativo ao réxime xeral de garantías) e na base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta do 50 % sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 2.500,00€, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio canalizador desta subvención, cumprindo os trámites establecidos ao

efecto, e aboando o 50% restante, é dicir, 2.500,00€, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención.
Non obstante, a conxuntura e a estratexia da estabilidade orzamentaria e/ou equilibrio orzamentario ou ben a regra de gasto, pode demandar que se demore este acto administrativo de aprobación do anticipo, cunha previa solicitude dos interesados, unha vez asinado o convenio e en función do grado efectivo de execución.

En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que o beneficiario reúne os requisitos para optar a subvención de carácter excepcional solicitada, INFORMASE FAVORABLEMENTE que pola Presidenta se adopte a seguinte RESOLUCIÓN:

1. *Que se aprobe a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 5.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO para sufragar os gastos derivados da actuación "Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro", na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.*
2. *Que se aprobe o gasto por importe de 5.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO, para sufragar os gastos derivados da actuación "Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro", na anualidade 2026.*
3. *Que se aprobe o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS) aprobado pola Presidenta."*

Proponse á Presidenta que adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 5.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO para sufragar os gastos derivados da actuación "*Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro*", na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 5.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA CABALEIROS DO LANDRO VIVEIRO, para sufragar os gastos derivados da actuación "*Encontro provincial da cultura ecuestre en Viveiro*", na anualidade 2026.

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	9/10

3º.- Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS) aprobado pola Presidenta, con CSV: IV76GLC7BMUZQXFDYLUS6ELBAE".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Fecha y Hora**	25/09/2026 13:05:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77U6X2MEM55DRCW4QU64HACU	**Página**	10/10